

ITINERARIO LECTOR 25/26

5°C

A FOLLA AZUL

ANDREA MACEIRAS



O libro da FOLLA AZUL foi o escollido para a aula de 5°C no itinerario lector do centro.

A protagonista é Husu Aké, unha nena da tribo dos Takaré, da selva da Amazonía.

A tribo dos Takaré enferma, e a protagonista deberá buscar a cura para salválos. Durante a súa viaxe para conseguir o obxectivo pasa por moitas aventuras e descubre que o seu don ten un gran valor.

Axudará a outros pobos na procura do coidado da natureza e da Nai Terra. E aprenderá e compartirá experiencias que a farán crecer e ter maiores coñecementos.

OPINIÓN DO ALUMNADO



Mateo: A min gustoume o libro porque, fala moito da natureza. O que máis me agradou foi, cando a protagonista do conto, buscou A Folla Azul e vive moitas aventuras.

Mara: Non me gustou o libro polo principio e porque é moi longo, pero o final esta ben xa que é moi inesperado e feliz, ao rematar o libro toda a tribo recupérase. O personaxe que máis me gusta é o preguizoso xa que é un dos mellores personaxes aínda que sae moi pouco eu creo que debería saír mais, ao libro doulle un 8/10.



Leo: Non me gustou o libro porque había moito texto que non entendia, partes que no tiñan tanto sentido porque eran raras e tamén algunhas partes dentro que me gustaron eran chulas porque eran dibertidas como cando montouse nunha agia eu ao libro doulle un 7/10

Lucas: A min encantoume o libro, porque era moi entretido, xa que Husu Aké, (a protagonista) ten que atopar unha cura, así que busca, busca e busca e ao final a atopa, fáise chamar a Folla Azul, para curar a súa tribo, Os Tacaré.



Danel: Gustoume este libro porque trata dunha rapaza que ten que salvar a súa tribo. Hai acción, e tamén fala do que está a suceder no planeta agora mesmo.

Contaminación, cambio climático, respecto por outras culturas...

Matilde: A min gustoume moito o libro, e a miña parte favorita foi cando uns tigres ían atacar á protagonista e apareceu un espírito, axudouna, e ela recordou unha lenda da tribo.





Ezekiel: A min o libro pareceume moi divertido, gustáronme moito as historias que lle contaba a avoa a Husu. Fíxoseme, o texto un pouco longo pero estivo divertido. Doulle de nota un 7.

Leyre: O libro non me gustou demasiado o texto e moi longo, pero non conta tanta historia. O que mais me gustou foron as cousas que lle ensina a súa avoa, en resume doulle un 6/10.



Ximena: A min gustoume moitísimo, xa que ler unha historia de unha nena, Husu, que fora moi lonxe e pasando por moitas cousas, para conseguir unha cura para a súa tribo, a folla azul.

Aitana: A min gustoume moito o libro, foi moi interesante. Chamoume moito atención que a nena fora tan lonxe para curar a súa tribo e arriscarase tanto. Encantoume este libro.



Noelia: A min gustoume moito porque é super entretido e ensina moitas cousas importantes para salvar o medio ambiente e os bosques da contaminación. Sempre esta pasando algo é moi bonito mensaxe. Doulle un 10/10.

Maia: A min gustoume moito o libro, xa que vai dunha nena que se llama Husu Aké que ten un don e durante unha aventura o vai descubrindo.





Carla: A min gustoume o libro porque hai moitos misterios, fala moito da natureza e tamén porque o final e precioso e fermoso. O que menos me gustou foi que hai poucas ilustracións.

Manuel: O que me gustou máis do libro A Folla Azul foi cando Husu Aké emprende a súa viaxe así como o final da historia. O que menos me gustou do libro foi cando morreu o pai da protagonista. Eu daríalle un 8/10.



Daniel: A min gustoume o libro porque fala de que a tribo enfermase e a protagonista ten que ir a buscar a folla azul, no camiño pasan moitas cousas entre elas case se afoga. Despois deuse conta que non era unha folla se non os médicos. Eu doulle un 9/10.

Emma: A min gustoume moito o libro porque ensínanos a non facer dano a Terra e a non rendirse cando necesitas algo. Eu doulle un 10/10.



Valentina Rouco: A min gustoume o libro porque fala da contaminación é o que está pasando no día a día. O que me sorprende foi a portada porque pensaba que iba aparecer unha folla azul.

Valentina Villar Encantoume o libro porque fala sobre a nai terra. Husu Aké unha nena cun don súper especial e increíble .



Yeray: A min gustoume porque fala sobre a contaminación e o que mais me interesou foi que a avoa de Husu Aké déralle consellos.